

mapa mudo

- *perenne*

coñecerme así

coa precisión dun atlas

esa sería a primeira conquista

coñecer o que se rumia

aínda diminuto

aínda que haxa algo que sempre é outra cousa

[hai algo que sempre é outra cousa]

esvarar na xeografía

como o neno que xoga

nos cumios rochosos da aldea

baixo o berro de *ten conta*

sen ter conta

nunca

no deporte do perigo

esvarar no que xa é propio

así

o papel cebola

sobre o corpo mudo

[mapa]

hai algo que case sempre quero recordar e non ten nome

nin hai regra mnemotécnica

e percorro tantas veces eses sitios

como con vergonza

e unhas cinco cicatrices

que gañei cando xogaba

gustárame escribirllela por riba

tatuada

a anécdota tan grande dese día

esvarei polo patio do colexio

no deporte do perigo

esvarei no que era propio

na luz acesa, o mapa

[corpo]

e a vontade toda de saberlle os afluentes

esvarar nos afluentes

no que é propio

como un neno

coñecer o que se perde

e o que se planta despois do que se perde

e medra, sobrevivinte

non ter nunca un mapa da vergonza

esa sería a primeira conquista

facer un oco para os dedos no volcán

así, xeografía vigorosa

negro de despois da queima

sen vergonza

pero o que marcha sempre axexa

e no refulxir do papel cebola

xusto aí

o preciso da erosión